

CIRCULAR 23-2016

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os assembleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE MARATÓN

A Coruña, 17 de abril 2016

Art.1) A Delegación da F.G.A na Coruña organizará o Campionato de Galicia, Promesa (1994, 1995, 1996), Absoluto (1993 e anteriores) e Veterán (dende que cumpran 35 anos) de Maratón que terá lugar na Coruña o vindeiro domingo **día 17 de Abril** do 2016.

Art.2) Poderán participar todos atletas das citadas categorías que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2015/16) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art.3) O percorrido está ubicado no casco urbán da cidade da Coruña (pendente de confirmación). A saída está prevista para as 8:30 horas.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 23:59 horas do 12 de abril do 2016.**

Art.5). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal. A organización non facilitará imperdibles.

Art.7) A organización establecerá distintos controis polo circuito para o paso dos participantes.

Art.8) A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuices. Tódalas reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art. 9) Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 5 horas e 30 minutos dende o comenzo da proba.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Art. 10) Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta entre ás 8.00 e 8.15. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificados. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.

Art.11) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2015-2016), da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por este orden

Victor Arufe Giraldez

Secretario Xeral da FGA

(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 19 de febreiro de 2016